



**Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega**

# **Proxecto de Normalización Lingüística e Cultural**

**Equipo de Normalización**

**IES Melide**

**Curso escolar 2020-2021**

## PROXECTO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E CULTURAL 2020-2021

*Dada a especial casuística de este curso , este proxecto foi realizada seguindo as seguintes instrucións:*

*Instrución do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.*

*·Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo consejo interterritorial do sistema nacional de salud pública (d.o.g nº 174 bis do 28-08-2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do comité clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021.*

No IES Melide desenvolveuse historicamente unha importante batería de proxectos e actividades que tiveron a normalización lingüística e cultural como principal eixo condutor. Aínda que estas iniciativas existen desde sempre neste centro, o EDLG do IES de Melide vén funcionando, nomeadamente, desde o curso escolar 1993—1994, e desde aquela existe un proxecto global de normalización que se revisa curso a curso. Porén, e dado que un centro de ensino non pode illarse do tecido social do que forma parte, sendo mesmo reflexo, en moitas ocasións, do que naquel acontece, este proxecto global está aínda lonxe de acadar todos os seus obxectivos.

Por esta razón, e porque a dinámica de traballo de cursos precedentes parece axeitada en relación aos obxectivos perseguidos, na súa esencia, este proxecto vai ser mantido para o presente curso escolar, e, probablemente, para cursos posteriores. Alén disto, cómpre recoñecer que sería difícil elaborar un Proxecto de Normalización Lingüística e Cultural máis exhaustivo e realista que o que existe na actualidade, pois non é, nin foi nunca, unha simple declaración de intencións.

## **Estrutura do Proxecto.**

O Proxecto de Normalización Lingüística e Cultural do IES Melide para o curso 2020-2021 estrutúrase, basicamente, en catro bloques de contido:

- I. Unha análise sintética sobre a realidade lingüística e cultural do contorno no que está inserido o centro.
- II. Unha análise, tamén sintética, sobre a situación —desde a perspectiva ambiental e de uso nas actividades lectivas e administrativas— do idioma galego no IES Melide.
- III. A definición de estratexias de apoio, tanto ao profesorado como ao alumnado, para que poidan desenvolver as actividades lectivas en lingua galega. Inclúense neste epígrafe estratexias de apoio ao alumnado recentemente chegado a Galicia.
- IV. A proposta de actividades de dinamización lingüística para o presente curso escolar a desenvolver no centro.
  - a. *Evitaranse aquelas actividades no centro educativo que supoñan a mestura do alumnado de diferentes grupos de convivencia ou clases, así como as que exixan unha especial proximidade. Os eventos deportivos ou celebracións que teñan lugar nos centros educativos realizaranse sen asistencia de público.*
  - b. *Recoméndase non realizar eventos ou celebracións con grande afluencia de persoas. No caso de ter que realizarse cumpriranse estritamente as medidas de prevención (usos obrigatorio de máscara) e aforos (50 por cento da capacidade) sempre que se permita manter a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas.*

*Dadas as circunstancias especiais de este curso, e debido ás medidas a tomar a partir da situación provocada pola COVID 19, pensamos en ofertar ao alumnado as seguintes actividades, sempre que se poidan realizar, se non de xeito presencial, alo menos, virtual..*

### **I. A REALIDADE LINGÜÍSTICA E CULTURAL NA TERRA DE MELIDE.**

A comarca da Terra de Melide, na cal se insire o centro, é, polas súas especiais características xeográficas e económicas, sen dúbida, un dos territorios naturais galegos que máis e mellor conserva os elementos definitorios da cultura tradicional do país. Así é que, alén de que na maior parte dos 10.194 habitantes<sup>1</sup>cos que conta a comarca —aos efectos que nos ocupan deberían ser restados os pertencentes ao Concello de Sobrado dos Monxes, agás algunhas parroquias próximas a Melide— se observe un monolingüismo en galego practicamente uniforme, o territorio, de cara ao ensino, ofrece unha infinidade de recursos didácticos que, en todo caso, deben ser tidos en conta para os deseños dos currículos en todos e cada un dos centros educativos da comarca. Neste sentido, existen xa experiencias interdisciplinares de estudo e aproveitamento do medio por parte de grupos de profesores e profesoras de diferentes centros educativos.

Así, cómpre ter en conta a enorme riqueza que, desde o punto de vista do estudo e análise da historia, presentan diferentes puntos da comarca, desde mostras arquitectónicas de diferentes épocas históricas —mámoas, castros, igrexas...— até pegadas evidentes dos pobos que se asentaron na comarca en épocas pretéritas. Isto, sen amentar, naturalmente, as consecuencias culturais, sociais e económicas derivadas do paso dos Camiños, sobre todo o Francés, a Santiago polo centro da comarca.

Desde a perspectiva do estudo da natureza, en poucos lugares do noso país poden observarse directamente contrastes como os que presenta a comarca, desde a fauna e flora características da media montaña e das chairas centrais, até os elementos xeolóxicos, que teñen merecido estudos desde institucións como a Universidade de Oviedo ou outras de ámbito internacional.

Polo que fai referencia á cultura popular, esta atópase tamén na comarca en aceptable estado de conservación —sobre todo se se analiza desde a perspectiva comparativa con outras zonas do país—. En efecto, non só poden ser observados aínda traballos agrícolas colectivos nalgunhas parroquias da comarca, senón que a presenza de elementos como os contos populares, as lendas ou mesmo os xogos tradicionais é aínda notable.

---

1

Datos do Instituto Galego de Estatística correspondentes ao ano 2018.

Outro tanto pode dicirse, a outro nivel, das inxerencias culturais detectadas na zona e plasmadas na existencia de numerosos grupos musicais de variada índole, asociacións de base ou, incluso, organismos patrocinados por institucións oficiais.

Desde un punto de vista lingüístico, igualmente, a comarca ofrece uns rexistros en aceptable estado de conservación. O mesmo poderíamos dicir, especialmente, do vocabulario específico relacionado co medio labrego. No que fai referencia ao uso da lingua e ao dominio das destrezas básicas, os datos que se coñecen da comarca, debuxan unha poboación monolingüe en galego na súa meirande parte.

Canto ao emprego do galego como lingua de uso habitual, en efecto, o 97% dos cidadáns e cidadás de Santiso, o 96% dos de Toques e o 87% dos de Melide, din usar este idioma "sempre". Só no concello de Melide —cabe aventurar que na propia vila de Melide, especialmente— o castelán parece ter presenza, pois o 10 % dos melidaos e das melidás din que usan o galego "ás veces" e o 3% que non o usan "nunca".

Cuestión diferente é o dominio efectivo das catro destrezas básicas por parte dos habitantes da comarca. En efecto, e igual que sucede no resto de Galicia, practicamente a totalidade da poboación é quen de entender e de falar galego, pero á hora de lelo ou escribilo, as porcentaxes baixan de xeito moi significativo. É curioso observar, non obstante, como no concello de Santiso unha porcentaxe amplísima da poboación manifesta dominar tamén estas dúas destrezas, moi por encima, incluso, dos datos a este respecto obtidos no concello de Melide, a pesar de estar situada nel a vila máis importante da comarca.

Como é sabido, no conxunto de Galicia o uso ordinario do galego parece diminuír a medida que ascendemos no nivel de estudos da poboación —dato que confirmaría o escaso papel galeguizador da escola— e diminúe tamén entre a poboación que ten como actividade laboral unha profesión relacionada co sector "servizos". Estes datos, cos acoutamentos propios dunha comarca practicamente monolingüe, parecen confirmarse na Terra de Melide, pois, se intentamos indagar a que se dedican esas persoas que manifestan que "nunca" utilizan o galego, atopamos que a inmensa maioría delas se dedican, xustamente, ao sector "servizos".

No que fai referencia á caída interxeracional do idioma, este dato certo no conxunto de Galicia aparece moito máis matizado na Terra de Melide, pois se ben é verdade que o 96% dos maiores de 65 anos manifestan usar “sempre” o galego, e que hai unha caída desa porcentaxe en trece puntos se falamos dos nenos e nenas de 5 a 9 anos, é certo tamén que entre estes últimos o 83 % usa o galego “sempre”.

## **II. LINGUA E CULTURA GALEGA NO IES MELIDE.**

No que fai referencia especificamente á situación do idioma galego —e da cultura galega en xeral— no IES Melide, a análise que se presenta a seguir parte, por unha banda, de estudos e constatacións realizadas no centro en cursos pasados —co convencemento de que polo menos unha boa parte dos datos seguen conservando a súa actualidade—, e por outra, dunha análise —que pretende ser o máis obxectiva posible— da realidade ordinaria actual no mesmo. Sinteticamente, a situación da lingua e da cultura galegas no IES Melide é a que se expón a continuación.

Porén, das constatacións levadas a cabo ao longo dos anos, derívase unha tendencia cada vez máis marcada cara ao bilingüismo, que é celebrado como un éxito pola Consellería de Educación. Desde aquí vemos un dato negativo que fai saltar as alertas de cara ao futuro, que é o descenso do uso da lingua galega en menores de 15 anos , que atribuímos directamente a políticas concretas e non tanto á mudanza nos hábitos sociais, tecnolóxicos e de lecer. A xente nova fala cada vez menos galego ou, directamente, nin tan sequera sabe falalo. Segundo os últimos datos do IGE sobre o coñecemento da lingua propia no país, practicamente un cuarto (23,9%) da rapazada entre os 5 e os 14 anos non sabe expresarse no idioma.

É este, se cadra, o dato máis desolador da enquisa realizada polo IGE e que reflicte un estancamento no uso do galego pero tamén un futuro nada positivo de ter en conta o uso que del fan as novas xeracións. Así, ese case 24% de rapaces e rapazas que non saben falar o idioma supón case oito puntos máis que hai dez anos (16,4%) e un e pico máis que en 2013.

Case un de cada catro nenos galegos, o 24%, non sabe falar galego, oito

puntos máis que hai unha década; o 44% exprésase sempre en castelán.

É a xeración que se atopa agora escolarizada no ensino obrigatorio e que, polo tanto, contacta co galego na escola, no colexio ou no instituto en base á política lingüística instaurada co polémico Decreto do Plurilingüismo. Lembrara aquí que a elaboración do Plan Lingüístico que cada centro debe elaborar é una das demandas que require este Decreto.

O noso alumnado sabe e usa menos o galego que a xeración anterior. E é, ademais, un grupo de idade no que o aumento daquelas persoas que usan sempre o castelán aumentou espectacularmente, ao pasar do case o 30% de hai dez anos ao 44,1% da actualidade, 14 puntos máis.

Xa que logo, e despois dunha década con novo decreto do plurilingüismo e nova política lingüística, os nenos e nenas galegos falan menos a lingua propia e moito máis o castelán.

No caso da mocidade entre 15 e 29 anos, a xeración que estaba a estudar no ensino obrigatorio hai dez anos, a porcentaxe de persoas que usa exclusivamente o castelán tamén aumentou na última década, aínda que non tanto, ao pasar do 25,5% de 2008 ao 31,9% da actualidade.

### **2.1. No labor docente.**

A partir dos datos emanados das fontes citadas máis arriba, pode deducirse que no centro o labor docente lévase a cabo tendo o galego como un referente de importancia. Mentres estivo en vixencia, o Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolveu a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación ao ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios, cumpriuse na súa totalidade.

Polo que fai referencia ao cumprimento do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, e da Orde do 24 de xuño de 2008, polos que se regulaba o uso e a promoción do galego no sistema educativo, o grao de cumprimento da normativa cambia aínda que tan só veña motivado pola falta de material didáctico na lingua que lle

corresponde, circunstancia que xa se comunicou á inspección educativa. Curiosamente, é no momento actual, desde a entrada en vixencia do Decreto 79/2010, cando se comezaron a detectar importantes disfuncións entre as disposicións nel recollidas e as preferencias —sobre todo de índole didáctica— postas de manifesto polo profesorado. Esta circunstancia pode constatarase nos documentos de distribución da lingua vehicular das diferentes materias para ESO e Bacharelato. A día de hoxe o PLC do IES de Melide debe ser revisado e estamos agora mesmo, precisamente, nese intre.

Teríamos que apuntar aquí unha circunstancia importante e paradóxica que xa quedou anotada en cursos anteriores e é a de que, moitas materias que deberían impartirse en galego, non dispoñen aínda de materiais para facelo; referímonos tanto a materias optativas ofertadas por distintos departamentos como á mesma FP Básica, que non dispón de ningún material en galego, a pesares de que a propia lexislación establece que debe haber un equilibrio entre o galego e o castelán.

Sinalar aquí tamén que, según un estudo realizado pola Universidade de Vigo, o papel do profesorado nos usos lingüísticos do alumnado é fundamental.

Neste aspecto, os autores do informe reparan na necesidade de que o profesorado tome conciencia de que "a súa actitude e a súa práctica é fundamental", porque "cando calquera docente utiliza o galego de xeito habitual, o alumnado faino ata un 75 % sempre ou maioritariamente; se pola contra utiliza o castelán (pero anima a usar o galego o alumnado ), a porcentaxe baixa ao 47 %, o cal reflicte a importancia que ten a actitude do profesorado para o impulso da nosa lingua".

## **2.2. Nas actividades extraescolares.**

Dende hai xa moitos anos, nas actividades extraescolares que se desenvolven no IES Melide úsase o galego en todo tipo de convocatorias, avisos, citacións, anuncios.

## **2.3. Nas oficinas administrativas.**

A normalización do idioma galego neste campo é plenamente satisfactoria. Así se desprende da actitude e práctica que adoptan as persoas que traballan nesta



unidade de atención aos integrantes da comunidade educativa en xeral.

Os oficios, convocatorias, citacións, certificados, documentos de relación coas familias e co contorno social, como poden ser a correspondencia, boletíns de cualificacións, publicacións, comunicados e demais documentos académicos e oficiais están redactados en galego.

#### **2.4. Na conserxería.**

A normalización do idioma galego neste campo é plenamente satisfactoria. Así se desprende da actitude e práctica que adoptan as persoas que traballan nesta unidade de atención aos integrantes da comunidade educativa en xeral.

#### **2.5. Na rotulación de espazos e dependencias.**

Todo tipo de carteis, rótulos, letreiros... que existen no instituto están redactados en idioma galego, tanto nas dependencias académicas como naquelas nas que ofertan os diferentes servizos.

No presente curso escolar insistírase na tarefa de facilitar o acceso á información que se considere relevante no que atinxe ao nome das aulas, obradoiros, laboratorios e resto de dependencias do instituto ( cada unha destas dependencias recibe unha denominación —personaxe, accidente xeográfico, feito histórico...— relacionado coa Terra de Melide.)

Así mesmo, existe a intención de facer algún tipo de traballo relacionado coa microtoponimia da Terra de Melide, dentro do Proxecto Erasmus Living Rivers.

#### **2.6. Nos espazos de convivencia e nas relacións humanas.**

Así, o emprego da lingua galega por parte do profesorado é habitual nas conversas que mantén coas familias, co alumnado e co persoal non docente. Isto non impide que na linguaxe coloquial o castelán teña tamén a súa presenza, derivada das opcións persoais de cadaquén.

#### **2.7. O alumnado e a normalización lingüística.**

En consonancia, por unha parte, co nivel elevado de galeguización da

comarca e, por outra, co feito —constatado en todo o país— da caída porcentual na transmisión xeracional da lingua, no alumnado do IES Melide obsérvase, tamén, un elevado nivel de galeguización, pero ao tempo, é visible unha caída no uso habitual do idioma a respecto do que pode constatarase no medio circundante. Só a efectos de reformulación dalgunha das accións normalizadoras que se desenvolven no centro, sintetízanse a continuación algúns datos cuantitativos obtidos con algúns traballos de investigación desenvolvidos en cursos previos. Durante o presente curso académico tentárase obter datos que axuden a contrastar os aquí expostos, por un lado, e comparalos con eles —obtendo, polo tanto, información sobre a evolución dos mesmos— por outro. Presentamos aquí os resultados da última enquisa realizada ao alumnado, en maio de 2019, xa que, tal e como se pode deducir, e debido á circunstancia COVID esta enquisa foi imposible de realizala no curso pasado.


## Enquisa sobre hábitos lingüísticos

Alumnado de 1º ESO, 4º ESO, 2º BAC, 2º Madeira

(Maio, 2019)


### 1. En que curso estás?

77 respostas




## 2. Cantos anos tes?

78 respostas




## 3. En que concello vives?

78 respostas




#### 4. En que lugar vives?

78 respostas




#### 5. Onde naciches?

78 respostas




## 6. En que lingua dixeches as primeiras palabras?

77 respostas




## 7. En que lingua se dirixe a ti túa nai?

78 respostas




## 8. En que lingua se dirixe a ti teu pai?

76 respostas




## 9. Que lingua falan teus pais entre eles?

77 respostas




## 10. Cal é a lingua habitual de teus avós maternos?

76 respostas




## 11. Cal é a lingua habitual de teus avós paternos?

77 respostas




## 12. Que lingua falas habitualmente na casa?

78 respostas



## 13. Que lingua falas habitualmente cos teus amigos/as fóra do instituto?


78 respostas






## 14. Que lingua falas habitualmente cos teus compañeiros/as fóra das clases?

78 respostas




## 15. Que lingua falas habitualmente co profesorado fóra das clases?

76 respostas




## 16. En que lingua escribes habitualmente os teus apuntamentos?

76 respostas




### 17. En que lingua realizas habitualmente as probas escritas (exames)?

76 respostas




### 18. Cambiaches de lingua habitual algunha vez na túa vida?

78 respostas




### 19. No caso de que algunha vez cambiases a túa lingua habitual, que lingua falabas até ese momento?

50 respostas




### 20. No caso de que algunha vez cambiases a túa lingua habitual de castelán para galego, cales foron as razóns que te levaron a cambiala?

40 respostas




## 21. No caso de que algunha vez cambiases a túa lingua habitual de galego para castelán, cales foron as razóns que te levaron a cambiala?

29 respostas




## 22. No caso de que algunha vez cambiases a túa lingua habitual de "outra" para galego, cales foron as razóns que te levaron a cambiala?

29 respostas




**23. No caso de que nunca cambiases a túa lingua habitual, gustaríache facelo?**

54 respostas




**24. No caso de que nunca cambiases a túa lingua habitual e che gustase facelo, a que lingua quererías cambiar?**

38 respostas



## 25. Cal é o nivel de estudos de túa nai?


67 respostas



- Menos de estudos primarios
- Estudos primarios
- EXB
- Bacharelato / FP
- Estudos universitarios medios
- Estudos universitarios superiores

## 26. Cal é o nivel de estudos de teu pai?


68 respostas



- Menos de estudos primarios
- Estudos primarios
- EXB
- Bacharelato / FP
- Estudos universitarios medios
- Estudos universitarios superiores

## 27. Cal é a categoría socioprofesional de túa nai?

71 respostas




- Empresaria
- Traballadora da administración públ...
- Directiva da empresa privada ou pú...
- Profesión liberal (autónoma e por c...
- Traballadora autónoma
- Ensinante
- Administrativa ou empregada da e...
- Obreira cualificada

▲ 1/2 ▼


## 28. Cal é a categoría socioprofesional de teu pai?

71 respostas




## 29. Tes unha imaxe distinta da xente que fala galego a respecto da que fala outra lingua?

72 respostas




### 30. Se tes unha imaxe distinta da xente que fala galego a respecto da que fala outra lingua, como é en xeral esa imaxe que tes dela?

32 respostas



### 31. Se escoitas música galega, poderías indicar algún grupo dos que che gusten?

57 respostas



#### **Algunhas conclusións tiradas destes estudos.**

Da análise dos resultados sintetizados ata aquí, así como dalgúns cruzamentos de datos realizados, poderían tirarse cando menos as seguintes conclusións:

1. As diferenzas que se detectan entre as investigacións son pequenas pero, en todo caso, semella que a medida que avanzamos no tempo a situación do galego non mellora significativamente.
2. A lingua utilizada pola maior parte do alumnado do IES de Melide é o galego.



3. A lingua na que aprendeu a falar a maioría dos alumnos e alumnas do IES de Melide foi o galego.
4. A lingua que utilizan pai e nai para falaren entre si é, na maior parte dos casos, o galego, así como a lingua na que se dirixen pai e nai a fillo/a, se ben no caso das nais a porcentaxe das que falan cos/coas fillos/as en galego é lixeiramente inferior que no caso do pai.
5. A presenza do castelán entre os membros da poboación de maior idade (avós) é mínima. O uso do galego por parte dos avós é sensiblemente superior ao seu uso por parte dos pais, o cal pode ser indicativo da ruptura da transmisión xeracional. Esta ruptura é tamén patente na seguinte xeración.
6. A lingua utilizada pola nai para dirixirse ao/á fillo/a parece ser máis determinante que a utilizada polo pai no que á primeira lingua se refire.
7. No ámbito familiar a presenza do castelán é escasa, e hai unha pequena porcentaxe do alumnado que utiliza galego ou castelán dependendo de se fala co pai ou coa nai.
8. A lingua utilizada para relacionarse cos/coas amigos/as fóra do instituto é, na meirande parte dos casos, o galego. A porcentaxe de alumnado que utiliza exclusivamente o galego para relacionarse é menor que a dos que o utilizan na casa, pero, globalmente, o uso do galego é maior, o que pode dar unha idea da importancia que ten o medio para a elección de lingua.
9. A lingua utilizada por alumnos e alumnas para relacionárense fóra das aulas é o galego na maior parte dos casos, aínda que o seu uso exclusiva perde vixencia cando se atravesa a porta da casa cara ao exterior.
10. Co profesorado, a maior parte dos/as alumnos/as utiliza só o galego ou máis galego que castelán, pero é significativa a porcentaxe que utiliza unha lingua ou outra en función da lingua utilizada polo/a profesor/a.
11. A respecto dos apuntamentos, unha parte significativa do alumnado utiliza unha ou outra en función da lingua utilizada polo/a profesor/a.
12. A respecto do uso do galego nas probas escritas, os resultados son moi similares aos obtidos no caso da lingua utilizada para falar cos/as profesores/as.
13. Da reflexión sobre os resultados obtidos nos tres apartados anteriores infírese, unha vez máis, a importancia que ten a lingua utilizada polo profesorado á hora de normalizar o uso do galego.
- 14.** No que ao cambio de lingua se refire, cómpre dicir que a maior parte do

alumnado non cambiou nunca de lingua. Nos casos en que isto ocorreu, o feito de que ese abandono tivese como causa máis importante o cambio de residencia, é indicativo de que, cando menos nalgúns medios, a tradicional asociación urbano-castelán, rural-galego, segue a funcionar, e que prexuízos e complexos a respecto da lingua afloran á mínima ocasión. A porcentaxe daqueles que cambiaron para castelán por opción persoal é significativa, sorprendente e inesperada neste medio.

15. O cambio de castelán para galego ten como motivo principal o cambio no lugar de residencia, mais a porcentaxe dos/as que o fan como opción persoal é cada vez máis significativa .
16. O cambio de galego para castelán ten como motivo principal o cambio no lugar de residencia, mais a porcentaxe dos/as que o fan motivados pola escola é cada vez máis elevada, co que se pon de manifesto a importancia do ámbito escolar nos usos lingüístico de rapaces e rapazas.

## O RETROCESO DO GALEGO SEGÚN ESTUDOS ACTUAIS E INFORMES DA RAG

A RAG xa nos vén advertindo de que avanzamos cara a unha desgaleguización: a redución de horas no ensino primario e infantil, a perda da transmisión interxeracional, o agromar de prexuízos derivado das campañas contra o galego, a falta de espazos de uso social para a mocidade en contornas tan monolingües en castelán como as áreas urbanas..."..

O galego perde outra batalla. Durante anos, a mala evolución no uso, implantación e prestixio social da lingua galega era compensada, cando menos en parte, polo feito de que seguía a ser a lingua habitual da maioría da poboación do país, segundo diversos indicadores. Esta realidade comeza a mudar ou, cando menos, iso é o que revela o estudo máis recente ao respecto: os datos que emanan do censo de poboación e vivendas do INE e que o Instituto Galego de Estatística vén de debullar. O que o IGE amosa é que, no período comprendido entre 2001 e 2011, as persoas que din falar "sempre" galego caeron trece puntos e xa non son maioría.

Na anterior vaga deste estudo o 57% da poboación do país tiña o galego como lingua de uso cotián. Mentres, o 30% sinalaba que o empregaba "ás veces" e o 13%, nunca. Unha década despois os falantes habituais de galego pasan de achegarse ao 60% a non acadar nin o 45%. Concretamente, quen usan "sempre" o idioma propio de

Galicia son o 44% do total, mentres que é falado "ás veces" polo 45% da poboación e "nunca", polo 11%.

Dos estudos conclúese que hai un 22 % de galegos que teñen pouco ou nulo coñecemento da lingua galega. A poboación que fala "sempre" galego descendeu 13 puntos en dez anos, pero a Xunta celebra isto como un incremento de bilingüismo. Realmente poderíamos falar máis ben do triunfo da diglosia; os resultados da enquisa poñen de releve a falacia do bilingüismo harmónico que defende a Política Lingüística actual, porque dito bilingüismo no que se traduce é na «aniquilación» do galego. Finalmente, concluír que o chamado decreto do plurilingüismo foi tremendamente negativo e compre cambiar xa de normativa para ter máis galego no ensino e que a lingua propia acade novos espazos de uso.

Nos últimos anos tense insistido moito no papel da escola para a determinación da escolla lingüística dunha persoa. E tamén da importancia doutros elementos de socialización e de consumo cultural, comezando pola programación televisiva infantil, maioritariamente en castelán ( menos do 5% estaba dispoñible en galego).

Os mesmos datos revelan que a lingua falada por pais e nais segue a ser un factor determinante nos usos lingüísticos dos seus fillos e fillas. Os datos amosan como o 88% das persoas que se criaron en galego seguen a falar galego de forma preferente e que o 94% das que se criaron exclusivamente en castelán teñen esta lingua como a habitual.

"A familia como medio de reprodución do galego está perdendo presenza. Agora mesmo, na xeración Z arredor dun 35% dos mozos e mozas xa non ten ningún tipo de referente familiar". O preocupante dato foi adiantado polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (RAG) e coincide co último informe publicado pola RAG, no que se alertaba da creba da transmisión interxeracional da lingua propia.

Con xeración Z, referímonos ás persoas nadas entre 1990 e 1999 e máis concretamente ao grupo de idade que tiña entre 15 e 24 anos cando se recolleron os datos, en 2013.

Este traballo, segundo asegura a RAG, reflicte unha dobre realidade: que o galego perde presenza como referente lingüístico familiar e na comunicación diaria das persoas nadas nos 90, pero que nelas tamén hai un cambio substantivo na percepción social da lingua. Con todo, a Academia aclara que "segue a haber fortes

prexuízos contra os trazos fonéticos e prosódicos propios do galego"., unha situación que revelaron con claridade varios dos informes publicados polo Consello da Cultura Galega (CCG), nos que se explica como callou o mito da "imposición do galego" entre a mocidade

Aclarar tamén que a chegada desta xeración Z veu acompañada tamén dun "cambio socioeconómico, sociocultural e tecnolóxico que modificou a relación coa lingua con respecto a outras anteriores", producindo un aumento substancial na tendencia cara ao monolingüismo en castelán. Se o 44,2% da xeración do milenio (persoas nadas entre 1979 e 1989) se expresa oralmente en galego ou máis en galego ca en castelán, esta porcentaxe descende na xeración Z máis de dez puntos, ao 33,6%, mentres o monolingüismo en castelán se converte entre os seus membros na opción do 33,8% e a máis frecuente

Así, mentres case o 30% da mocidade nada nos 80 asegura expresarse en galego, na xeración da década posterior esta porcentaxe descende ao 18%. Na banda contraria, aqueles que din expresarse en castelán pasan do 27,5% ao 33,8%. As cifras son coincidentes coas que se tiran do INE: entre 2003 e 2013 reduciuse o número de falantes habituais de galego en todos os grupos de idade, pero moito máis nos e nas menores de 30 anos, onde pasou de 340.000 a 192.000, unha caída do 44%.

"O proceso de substitución lingüística do galego polo castelán vén desenvolvéndose desde hai tempo, pero os marcos sociolingüísticos cambiaron e, polo tanto, tamén as variables subxacentes a este fenómeno, polo que as vías de intervención tampouco poden ser as mesmas", advertiu Loreda na súa intervención en Catalunya.

A fenda na transmisión lingüística interxeracional é un dos problemas evidentes, pero tamén que o idioma galego perde presenza como referente na comunicación diaria, xa que boa parte da mocidade nesta franxa de idade reside en contextos urbanos e periurbanos, especialmente de Vigo e A Coruña, "onde teñen menos espazo para desenvolver o seu tempo de ocio en galego". "De feito, isto está comezando a ter un impacto relativo na súa sensación de autoeficacia á hora de expresarse oralmente en galego", salienta.

Resumo de datos achegados polo IGE

É máis: crece o número de rapaces e rapazas que afirman non saber falar apenas en galego. En 2013 eran xa o 22,7%. De igual xeito, aqueles e aquelas de manifestan ter un gran dominio da lingua descenderon nunha década dende o 57% (2003) ata o 40%.

#### *A familia*

Que papel xoga a familia? No 2003 xa eran maioría os nenos e nenas a quen os seus pais e nais lle falaban en castelán sempre ou de forma maioritaria (54% fronte a 45%). En 2008 a diferenza ampliárase (56-37), disparándose en 2013: 60% fronte a 27%, cun 8% de familias nas que se empregan as dúas linguas por igual.

Preguntados os pais e nais, as tendencias confirmáronse, cun 62% de homes e mulleres entre 16 e 49 anos que se comunican en castelán cos seus fillos e fillas.

A familia fora tradicionalmente o medio polo que os nenos e nenas aprendían a falar en galego. Isto é así para o 95% dos e das maiores de 65 anos, e para o 88 das persoas entre 50 e 65 anos. Porén, o IGE indica que nas últimas décadas foron máis os rapaces que coñeceron o galego pola escola que polas súas familias (87% fronte a 68%), nunha pregunta que permitía a multiresposta.

#### *A escola*

Na última década o que si creceu de forma clara foi a porcentaxe de nenos e nenas que din falar cos seus compañeiros e compañeiras de clase en castelán, mesturado - iso si- co galego

A estatística revela que os comportamentos lingüístico na escola veñen moi determinados pola lingua na que habitualmente falan os nenos e nenas. Aqueles e aquelas que falan maioritariamente en galego utilizan tamén o galego cos e coas compañeiras, e os e as castelanfalantes empregan o castelán. Detéctase, iso si, un 18% de galegofalantes que si usar máis o castelán neste ámbito. A lingua empregada polos nenos e nenas para falar cos mestres e mestras tamén foi mudando, gañando espazo o castelán de forma lenta pero constante.

Inserimos aquí unha serie de conclusións recollidas polo profesor Paco Veiga, con unha ampla traxectoria no estudo da situación da nosa lingua e membro do ENL do IES de Melide, e que poden resultar reveladoras:



### **III. ESTRATEXIAS DE APOIO AO PROFESORADO E AO ALUMNADO.**

Na dinámica ordinaria do centro, no seu día a día, existen unha serie de posibilidades de carácter xeral encamiñadas á consecución dunha maior competencia lingüística, algunhas das cales se citan a seguir:

- **Actividades extraescolares.** No centro sempre se considerou que as actividades complementarias e extraescolares eran un medio ideal para introducir o alumnado na vida do centro, para que a convivencia fose mellor e a aprendizaxe máis pracenteira, e por iso se considera que é necesario tratar de implicar os alumnos/as con escasa competencia lingüística en galego nas actividades organizadas dende o Equipo de Normalización e desde outros Departamentos, ofrecéndolles todo tipo de axudas. Trátase de actividades como as seguintes:
  - Participar na **emisora de radio escolar Falamelide** é unha maneira excelente de practicar a lingua tanto a nivel escrito —preparar guións— como oral —falar galego para un público—.
  - Participar en certames e concursos tanto de elaboración de textos como de edición de vídeo...convocados olo propio centro ou por calquera organización externa.
  - Participar nas **obras de teatro** que realiza o **Grupo Teiroa**, de alumnado no centro para practicar a lingua oral.
  - Asistir a **conferencias, exposicións, viaxes culturais...**
  - Incluso participar no **deporte escolar** pode brindar a oportunidade de relacionarse máis con xente que ten unha maior competencia lingüística en galego e mellorar a propia.
  - Colaborar na actualización do **taboleiro da lingua**, onde aparecen dende novidades lingüísticas a costumes, novidades editoriais, musicais, cinematográficas... en galego.
  - Participar no grupo que elabora as **campañas** de fomento do uso do galego no centro contribuindo con ideas e levándoas a cabo en

materiais concetos: adhesivos, carteis, slogans...

- Asistir ao **Cineforum**, no que se proxectarán películas en galego.
- Elaborar sinxelos programas de televisión, montaxes divulgativas, documentais... para **Falamelide TV**, a emisora interna de televisión do centro, é un modo excelente tamén de traballar a lingua oral e escrita, así como outro tipo de linguaxes.

Proporcionarlle ao profesorado información sobre materiais didácticos, lingüísticos e pedagóxicos existentes que permitan un incremento da docencia en lingua galega, prestándolles especial atención a todos os relacionados coas TIC.

- Poñer en contacto o alumnado coa música galega de todos os tipos a través das clases de música, da radio escolar etc. Neste senso, no presente curso pasarase unha enquisa ao alumnado para obter datos sobre o seu coñecemento de música en galego; ao final de curso repetirase a mesma enquisa para establecer unha comparativa. Tamén seguirá a utilizar a megafonía para poñer un grupo de música en galego cada semana, "A Banda da Semana" e seguirase a realizar o concerto de Presume de galego.
- Tratar de crear un **voluntariado lingüístico** para que estes alumnos/as poidan ser axudados por outros/as que teñen unha maior competencia lingüística a cambio dalgún tipo de compensación.
- Participar nas actividades recollidas no **Plan Lector da Biblioteca**, con actividades do tipo das seguintes:
  - Coñecer a Biblioteca: como están distribuídos os espazos, a localización dos libros, funcionamento, etc.
  - Procura de información bibliográfica de carácter individual ou en grupos para a elaboración de traballos na aula, axudados polo profesorado.
  - Localización do material existente en galego.
  - Manexo de diferentes fontes de información.
  - Creación de bibliotecas de aula ou "móbiles" para que o alumnado teña un contacto directo cos libros, que poida manexar e seleccionar os que lle resulten máis atractivos para a súa lectura voluntaria e incluíndo nelas bibliografía adaptada ao nivel e intereses de cada tipo de


alumnado.

- Realización de debates sobre aspectos concretos da obra ou obras lidas por un grupo, nos que se trate de implicar directamente as persoas con menor competencia lingüística.
  - Lectura de cómics nas aulas para potenciar o gusto pola lectura.
  - Lectura de obras que teñan caderno de traballo de lectura eficaz para mellorar a competencia e a velocidade lectora de maneira máis ou menos autónoma.
  - Lectura e comentario de textos da vida cotiá, de actualidade, etc, próximos aos intereses do alumnado.
- Utilizar materiais audiovisuais, que se integran nunha concepción activa e motivadora da aprendizaxe do idioma. Con eles é posible desenvolver actividades como a audición de poemas de diferentes épocas, audición de falares de distintas áreas da xeografía galega, escoitar distintos tipos de música...
  - Utilizar os medios de comunicación e as TIC para mellorar a competencia lingüística.




## ORGANIZACIÓN DO EDLG.

**IES MELIDE**  
Equipo de Normalización



IES Melide  
Equipo de Normalización



### **Membros compoñentes do ENDLG do IES de Melide**

Nas actividades realizadas polo ENDLG do IES de Melide, participa e colabora un amplo grupo tanto de profesorado, como de alumnado e tamén, en actividades puntuais, PND.

Dadas as características especiais de este curso, e non podendo realizar, polo menos a día de hoxe, reunión ou convocatoria con grupos, decidiuse manter o profesorado que colaborou en cursos anteriores co ENDLG, e agardar á presentación do Proxecto de Normalización e Dinamización Lingüística, no claustro, para así convidar ao resto do profesorado a participar na elaboración de actividades.

Respecto ao alumnado, e tendo en conta que o profesorado que aparece a continuación imparte docencia en todos os niveis educativos, enténdese que todo o alumnado do centro pode participar nas actividades propostas. Ademáis hai que ter en conta que, nun principio, e mentres se manteñan as circunstancias actuais, as actividades que se desenvolvan serán co grupo clase de referencia.

Quintela Gómez, Margarita  
Losada Soto, Susana  
Canoura López, David  
Fernández Guzmán, Belén  
Veiga García, Francisco Manuel  
Docasar Areán, Miguel Angel  
López Martínez, Fernando  
Blanco Vázquez, Juan Manuel  
Vilariño Mato, Eva  
Manteiga Gómez, Loli  
Cagide Pereiro, Jesús  
Corzo García, Dolores  
López del Río, Aurora  
Cea Vázquez, Silvia  
Souto Vázquez, Manuel

## **V. PROPOSTA DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.**

Como froito de todas as reflexións sintetizadas ata aquí, así como da experiencia acumulada durante os anos de funcionamento do EDLG do centro, a proposta de actividades de dinamización lingüística para o curso escolar 2020-2021 do IES Melide estrutúrase baixo as premisas que se explican a continuación.

En primeiro lugar, unha vez contempladas as actitudes cara á normalización lingüística presentes na comunidade escolar do IES Melide, e unha vez detectados aqueles sectores que precisan dunha acción máis continuada de sensibilización e asesoramento, estes serán, por orde, os diferentes grupos humanos aos que dirixirán as actividades:

1. Alumnado.
2. Profesorado.
3. O contorno do centro e os diferentes sectores sociais, nomeadamente da vila de Melide.
4. Os pais e nais do alumnado.
5. O persoal administrativo do centro.

### **4.1. Os obxectivos.**

1. Divulgar os datos máis destacados que se desprenden dos estudos realizados nos últimos anos sobre a realidade lingüística de Galicia, en xeral, e da Terra de Melide, en particular, desde a perspectiva de que só a análise da realidade pode provocar unha implicación decidida dos integrantes da comunidade educativa do IES Melide na cuestión normalizadora.
2. Fomentar o uso do galego, a nivel oral e escrito, por parte dos membros da comunidade educativa de Melide, para reafirmalo como lingua de uso habitual en calquera circunstancia.
3. Promover o galego como lingua vehicular nas distintas materias.
4. Contribuír á normalización cultural das distintas materias do currículo de ESO, de

Bacharelato e do Ciclo Formativo impartido no Centro, e tamén ESA, EBI e FP B.

5. Fomentar o hábito lector en galego, tanto de prosa como de poesía, prestando especial atención á literatura xuvenil e a aqueles autores e autoras que conecten ben coa mocidade.
6. Provocar que o alumnado do centro escoite música galega, dando publicidade ás novidades musicais dos diferentes solistas e grupos galegos que aparezan no mercado.
7. Pular pola normalización lingüística e cultural do contorno, alí ata onde a acción emanada desde o centro teña capacidade de influencia.
8. Situar o galego como instrumento básico de difusión da cultura de Galicia e da cultura universal en todos os niveis e áreas educativas.
9. Potenciar a conservación do patrimonio cultural e facilitar a relación do alumnado cos seus maiores para que poidan empaparse do universo cultural que atesouran e así contribuír á conservación de tradicións, técnicas, usos, costumes e saberes.
10. Divulgar a normativa oficial, tanto estatal como autonómica, a respecto da toponimia galega entre institucións, entes autónomos, empresas de comunicación de masas, etc, incidindo no respecto que deben ás únicas formas legais e correctas dos nomes dos accidentes xeográficos, dos lugares, das vilas, e das cidades, así como dos nomes das persoas.
11. Coñecer máis e mellor Galicia e a comarca, facendo especial fincapé en personaxes ilustres, escritores e escritoras, festas tradicionais, o himno, as árbores, as parroquias, veciños/as destacados da Terra de Melide, mulleres importantes na historia de Galicia, etc, desde o firme convencemento de que só se pode amar aquilo que se coñece.

## **EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E CULTURAL**

### **4.2. PROXECTO DE ACTIVIDADES Curso escolar 2020– 2021**

#### **(Ordenadas polo momento da súa realización)**

a. Evitaranse aquelas actividades no centro educativo que supoñan a mestura do alumnado de diferentes grupos de convivencia ou clases, así como as que exixan unha especial proximidade. Os eventos deportivos ou celebracións que teñan lugar nos centros educativos realizaranse sen asistencia de público.

b. Recoméndase non realizar eventos ou celebracións con grande afluencia de persoas. No caso de ter que realizarse cumpriranse estritamente as medidas de prevención (usos obrigatorio de máscara) e aforos (50 por cento da capacidade) sempre que se permita manter a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas.

Dadas as circunstancias especiais de este curso, e debido ás medidas a tomar a partir da situación provocada pola COVID 19, pensamos en ofertar ao alumnado as seguintes actividades, sempre que se poidan realizar, se non de xeito presencial, alo menos, virtual.

Decidiuse, aínda así, seguir a presentar, como é habitual, unha oferta extensa de actividades. A súa realización ou non, dependerá da situación COVID 19 no momento da súa programación e quedará recollido con posterioridade, na memoria a este proxecto.

Ofrécese, a continuación, a relación de actividades previstas para o curso 2020/2021, relación evidentemente deseñada para a consecución, total ou parcial —trátase en case todos os casos de obxectivos a longo prazo— dos obxectivos definidos máis arriba. A polivalencia, no tocante ao seu

protagonismo na consecución de dous ou máis obxectivos, da inmensa maioría das actividades que se detallan, desaconsellan o seu agrupamento baixo o epígrafe dun obxectivo en particular. Desta maneira, a relación de actividades ofrécese, simplemente, temporalizada.

<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>ACTIVIDADE</b>	<b>PROFESOR/A DEPARTAMENTO RESPONSABLE</b>	<b>DESTINATARIOS/AS</b>
Todo o curso	Pescuda e selección de documentación sobre estudos do conflito lingüístico en diversas sociedades e sobre o papel do ensino nesta problemática.	Veiga García, Paco ...	Alumnado
Todo o curso	Coordinación cos outros EDLG da vila e da comarca. Xestión do SNL Terra de Melide	Veiga García, Paco Quintela Gómez, M. Souto, Manuel	Comunidade educativa
Todo o curso	Incremento, nos seus fondos, da Biblioteca de Normalización do Centro.	Veiga García, Paco Quintela Gómez, M.	Alumnado
Todo o curso	Subscrición a publicacións periódicas impresas en lingua galega.	Veiga García, Paco Quintela Gómez, M.	Alumnado
Todo o curso	Invitación ás organizacións que teñen como obxectivo promover a normalización do idioma para levar a cabo as súas previsibles campañas tamén no Centro.  Convidar aos Concellos de Melide, Toques e Santiso a que interveña naqueles contextos de socialización nos que ten competencias, como son as escolas infantís, os servizos de conciliación e as actividades culturais e deportivas para que	Veiga García, Paco Quintela Gómez, M.	Comunidade educativa

	aumenten a presenza do galego		
Todo o curso	Xestión de FALAMELIDE, emisora de radio do Centro.	Canoura López, D. Veiga García, Paco ...	Comunidade educativa
Todo o curso	Xestión do TABOLEIRO DA LINGUA, espazo destinado á exposición pública de todos aqueles temas e cuestións de actualidade sobre a lingua. Taboleiro virtual.	Quintela Gómez, M. ...	Comunidade educativa
Todo o curso	Xestión do proxecto A BANDA DA SEMANA coa intención de divulgar a música feita en Galicia. Cada semana un grupo de música en galego será publicitado nas redes ( Facebook e Instagram ) e soarán os seus temas nos corredores do centro.	Dpto. Música Quintela Gómez, M. Docasar, Miguel Alumnado	Comunidade educativa
Todo o curso	Promoción, cando menos, da galeguización das probas de avaliación que deben realizar os alumnos e alumnas nas distintas materias.	Veiga García, Paco ...	Alumnado
Todo o curso	Publicación de información —cando a actualidade o demande— sobre a realidade lingüística, normativa lingüística...— baixo a cabeceira A LINGUA GALEGA, LINGUA DE FUTURO.	Veiga García, Paco Quintela Gómez, M.	Comunidade educativa
Todo o curso	Divulgación da información sobre os nomes dos habitáculos do edificio, preferiblemente, evitando, neste curso a cartelería. Traballo sobre a toponimia da Terra de Melide	Dto. Ciencias Sociais Blanco, Juan Manuel Quintela Gómez, M.	Comunidade educativa
Todo o curso	Difusión dos xogos populares e tradicionais galegos, creación cultural e característica do noso pobo, e fomento da súa utilización, no ámbito educativo, como elemento didáctico que pode contribuír á identificación dos rapaces e rapazas galegos coa cultura propia.	Méndez Méndez, Xan Veiga García, Paco	Alumnado
Todo o curso	Dotación mínima, a cargo do propio orzamento do EDLG, para cada un dos Departamentos do Centro co obxectivo de realizar adquisicións de materiais en galego ou sobre Galicia que poidan ser utilizados nas aulas das distintas materias do currículo.	Veiga García, Paco ...	Profesorado

Todo o curso	<p>Colaboración estreita coa Comisión de Coordinación Pedagóxica e cos Departamentos involucrados no deseño de estratexias que conduzan á plena integración lingüística dos alumnos e alumnas que retornen da emigración, así como do alumnado inmigrante. Particularmente, análise de estratexias para a integración lingüística temperá en lingua galega deste alumnado, así como das posibilidades de concreción no centro dos programas de acollemento lingüístico e cultural que se levan a cabo en diferentes lugares de Galicia.</p> <p>Inclusión da linguaxe de signos dentro do departamento de normalización do centro.</p>	<p>Veiga García, Paco Dpto. Orientación Parada Gañete, Ana Quintela Gómez, M. Lola Corzo</p>	Alumnado
Todo o curso	<p>Establecemento das canles que permitan unha colaboración estreita coa Asociación de Alumnado de <i>Melide</i> e coa ANPA <i>Terra de Melide</i> na cuestión lingüística.</p>	<p>Vicedirección Veiga García, Paco Quintela Gómez, M.</p>	Alumnado
Todo o curso	<p>Distribución dun almanaque mensual de aula que recolla datos significativas para o idioma e/ou a cultura do noso país e da comarca.</p>	<p>Veiga García, Paco Quintela Gómez, M.</p>	Comunidade educativa
Todo o curso	<p>Desenvolvemento do proxecto <i>Falamelide TV</i>.</p>	<p>Canoura, David Veiga, Paco</p>	Comunidade educativa
Todo o curso	<p>Xestión dos grupos de teatro do centro</p>	<p>Quintela Gómez, M. Canoura, David Belén Fernández...</p>	Alumnado
Todo o curso	<p>Deseño dunha liña de traballo en coordinación co Departamento de Orientación do Centro que procure a galeguización das actividades persoais dos alumnos e alumnas, tales como o tempo de estudo persoal na casa, a elaboración de traballos, etc.</p>	<p>Veiga García, Paco Dpto. Orientación ...</p>	Alumnado
Todo o curso	<p>Publicacións dos traballos do Ciclo de Madeira dirixido a toda a comunidade educativa. Especialmente relevante o traballo</p>	<p>Dpto. Madeira ...</p>	Comunidade educativa



	realizado no curso pasado referido a linguaxe específica do mundo da carpintería e a súa tradución á linguaxe de signos.		
Todo o curso	Cineforum, sempre respetando o grupo clase de referencia á hora de facer as proxeccións.	Losada, Susana	Alumnado
Todo o curso	Motivación da participación do alumnado adulto nas actividades do EDLG	Profesorado de Educación das Persoas Adultas	Alumnado
Todo o curso	Estratexias de conexión das actividades relacionadas coas linguas estranxeiras coas actividades do EDLG	Dpto. Inglés Dpto. Francés Dpto. Portugués Dpto. Latín Dpto. Grego Depto. de Galego Profesorado Linguaxe de Signos	Alumnado
Todo o curso	Desenvolvemento do proxecto de <i>Club de debate</i> . Dadas as circunstancias deste curso, os debates realizaranse dentro do grupo - aula	Vicedirección Vázquez, Dolores	Alumnado
1º trimestre	Deseño dunha liña de traballo en coordinación coa CCP e o profesorado dos Departamentos de Linguas para renovar o Proxecto Lingüístico do Centro.	Dpto. Inglés Dpto. Francés Dpto. Portugués Dpto. Latín Dpto. Grego Depto. de Galego Profesorado Linguaxe de Signos	Comunidade Educativa
1º trimestre	Edición dun almanaque do curso escolar.	Veiga García, Paco Quintela Gómez, M.	Comunidade educativa
1º trimestre	Divulgación, dirixida aos catro sectores da comunidade educativa, das actividades e das liñas de actuación propostas desde o EDLG,	Veiga García, Paco Quintela Gómez, M.	Comunidade educativa

	tratando de integrar nelas a maior cantidade de persoas posible.		
1º trimestre	Reparto dun tríptico informativo sobre a figura de Ricardo Carvalho Calero, a quen se adicou o Día das Letras Galegas, e que por motivos do COVID19, trasladouse a súa celebración do mes de maio ao mes de outubro	Veiga García, Paco Quintela Gómez, M.	Comunidade educativa
1º trimestre	Ofrecemento de apoio ao profesorado, por parte do EDLG, en relación co proceso de normalización da docencia.	Veiga García, Paco ...	Profesorado
1º trimestre	Convocatoria dun concurso de cuñas radiofónicas coa finalidade de achegar a emisora de radio do centro, FALAMELIDE, ao alumnado e viceversa. Neste sentido aproveitarase tamén os coñecementos adquiridos polo alumnado do centro ao longo de cursos pasados e os que se impartan no presente curso.	Canoura López, D. Veiga García, Paco ...	Alumnado
1º trimestre	Realización de recolleitas de literatura popular. Aquí integráranse tamén as actividades realizadas dende os proxectos Erasmus Living Rivers	Dpto. Lingua Galega Dpto. de ciencias sociais ...	Alumnado
1º trimestre	Concurso de actividades en colaboración coa Biblioteca, con motivo da celebración do Samaín	Dpto. Lingua Galega Vicedirección Manteiga, Loli	Alumnado
1º trimestre	Conmemoración do Mes da Ciencia en Galego (novembro)	Dptos. das áreas de Ciencias ...	Comunidade educativa
1º trimestre	Divulgación do tríptico con recursos en galego na rede para a mocidade.	Veiga García, Paco ...	Alumnado
1º trimestre	Conmemoración do Día contra a violencia de xénero ( 25 de novembro)  Realización do audiovisual titulado SonLibre, en colaboración co Concello de Melide, con motivo do Día contra a Violencia de Xénero.  Reparto de chapas reivindicativas, tamén por parte do concello.	Todos os departamentos Vicedirección	Comunidade educativa

2º trimestre	Organización do concerto de " Rock en Galego" en formato virtual, en colaboración cos grupos e bandas de música que tiveron participado en anos anteriores	Quintela Gómez, M. Miguel Ducasar Jesús Cagide Eva Vilariño	Comunidade educativa
2º trimestre	Organización de charlas, tamén en formato virtual, sobre a potencialidade da música en galego	Veiga García, Paco Quintela Gómez, M. Miguel Ducasar Jesús Cagide Eva Vilariño ...	Comunidade educativa
2º trimestre	Convocatoria dun concurso de ilustración de relatos da nosa literatura ou de relatos orixinais do alumnado escritos en lingua galega.	Dpto. Lingua Galega Dpto. Ed. Plástica ...	Alumnado
2º trimestre	Organización de charlas e conferencias coa presenza dos novos narradores/as galegos. Formato virtual, con moita probabilidade, tendo en conta que sería o único xeito de rendabilizar a visita dos autores.	Dpto. Lingua Galega Quintela Gómez, M. Manteiga, Loli Losada, Susana ...	Alumnado
2º trimestre	Realización da 1ª edición de Poesía escénica no IES de Melide, coa participación de alumnado	Veiga García, Paco Rodríguez Íñiguez, Gloria Losada Soto, Susana Quintela Gómez, M.	Alumnado
2º trimestre	Participación no proxecto de divulgación colectiva de audiovisuais galegos . Proxección de diverso material en galego relacionado coa novísima poesía galega	Dpto. Lingua Galega Manteiga, Loli Quintela, Marga ...	Alumnado
2º trimestre	Convocatoria dun concurso de cartas de amor coincidindo co día do amor, o 2 de febreiro, Día da Candeloria.	Vicedirección ...	Alumnado
2º trimestre	Realización dunha campaña interna no centro de animación e concienciación sobre o uso da lingua coa impresión do lema en material —adhesivos, estoxos, mochilas...— propagandístico.	Quintela Gómez, M.	Comunidade educativa

2º trimestre	Articulación dunha nova liña de contactos e actuacións conxuntas con aquelas entidades locais —asociacións culturais e políticas, nomeadamente— que contemplan entre os seus obxectivos a normalización do idioma.	Veiga García, Paco Quintela Gómez, M.	Comunidade educativa
3º trimestre	Organización, en colaboración coas editoriais, e en coordinación con outras institucións da comarca —nomeada-mente coas librerías— de exposicións de libros coincidindo coa Semana das Letras.	Dpto. Lingua Galega Quintela Gómez, M.	Comunidade educativa
3º trimestre	Convocatoria dun concurso literario coincidindo coa Semana das Letras entre os alumnos e as alumnas.	Dpto. Lingua Galega Quintela Gómez, M.	Alumnado
3º trimestre	Divulgación da figura e da obra da figura a quense dedica o Día das Letras 2021, con elaboración dun tríptico e dunha exposición.	Dpto. Lingua Galega ...	Comunidade educativa
3º trimestre	Realización dun cuestionario socio-lingüístico entre os alumnos e alumnas de 1º de ESO, 4º de ESO e 2º de Bacharelato, coa finalidade de inferir datos sobre o papel do centro na práctica lingüística.	Veiga García, Paco Quintela Gómez, M.	Alumnado
3º trimestre	Convocatoria dun concurso de <i>Manifestos en defensa da lingua</i> .	Vicedirección Quintela Gómez, M.	Alumnado
3º trimestre	Organización do <i>Corremelide</i> , carreira en defensa da lingua. No caso de non poder realizarse, buscaríase outro formato	Vicedirección	Comunidade educativa
3º trimestre	Organización de actividades, dirixidas ao alumnado de primeiro ciclo de ESO, relacionadas con aspectos culturais tradicionais e do noso folclore en torno ao Río Furelos, actividade que se deseñaría enmarcada no proxecto Erasmus Living Rivers	Todos os departamentos e profesorado que amosen interés neste proxecto.	Alumnado

En Melide, 21 de novembro de 2020

A Directora

A Coordinadora do ENDL

Ana Villar Romarís

Marga Quintela Gómez